



POR  
Ramón Rozas

# O xiro á desvértebra

Ana Romaní recupera o pulo poético con 'A desvértebra', texto que, saído do prelo de Chan da Pólvora, sitúanos ante unha proposta inmersiva na que o literario, o xeográfico e o político xeran un espazo de exploración do eu fronte ao colectivo, do ser ante unha orografía imprevista.



O 27 DE outubro de 2019 remataba a impresión de 'A desvértebra'. Unha data que ten pouco de casual xa que nese día cumpríuse o sexto aniversario do pasamento da inesquecible xornalista e escritora, Begoña Caamaño, que, como afirma a autora do libro, Ana Romaní, «o seu oco deveu en manancial». Ese apuntamento no final deste poemario é moito máis que unha adicatoria ou unha lembranza, xa que Begoña Caamaño se conforma ao longo do texto como unha reveladora presenza da súa figura singular e do que supuxo na vida cultural e creativa de Galicia, máis tamén no ámbito da complicidade, das amizades, como forxas de alento para os que a coñeceron.

En tempos do que Ana Romaní define como «inflación retórica das palabras» este poemario emerxe cunha enorme afouteza, coa palabra como velas que encher do aire dunha vida non sempre sinxela nin agarimosa co ser humano. A poeta propón unha travesía, un percorrido por diferentes xeografías e espazos que levdan dende esas palabras as veces mol, outras, gume. Arames polos que movernos e dende os que calibrar unha realidade que case sempre nós mesmos poñemos contra as cordas.

Ao fin e ao cabo é unha maneira de sentir como o noso corpo suxeita sobre el o senso da existencia con todo o que iso supón. Ese peso é o que lle concede ao noso corpo a sensación de resistencia, a maneira de facer do noso sistema físico, da pel, da carne, dos ósos, unha cartografía que amose, non só a forza, senón tamén a fragilidade: «Que peso poden soportar as columnas crebadas?» Así é como a carón da memoria, da experiencia, do contacto, asoma a dor,

a fenda que tantas veces nos engulle como unha proba da nosa capacidade para ser humanos, porque ao fin e ao cabo moverse polos «cumes do medo» é tamén sentirse vivos, atopar nesa dialéctica entre a esperanza e a escuridade a nosa auténtica identidade, aquela que máis nos expreme, e que procura un zume tan complexo de identificarse, ata o intre en que nos facemos abismos, ata que asexamos unha xeografía que fronte a nós leva á exploración do que somos.


A palabra 'xeografía' xoga un papel seminal neste poemario que vai dese eu do corpo como territorio ata a esa realidade que se prolonga ante nós, que nos envolve e que modifica moito do que facemos. Un proceso de erosión que converte á relación entre corpo e natureza en cerna deste tránsito entre palabras e ocos, xogos de palabras que procuran o seu lugar na páxina, intersticios dunha nova realidade, espazos detidos ante os que asomarnos para asexar as «cartografías imprevistas», onde non sempre estamos cómodos, pero nas que precisamos sentirnos para identificar o que realmente acontece en nós.

Naturezas condicionadas polas diferentes

climatoloxías, o frío, o aloumiño do sol, o agromar das sensacións, o facer da pel epiderme que nos lembre a vida.

Un poemario en feminino, no que xunto á palabra da propia autora e a xa mencionada Begoña Caamaño, convócase a Anne Carson ou a Elisabeth Bishop, poetas que transitan nesa esculca da identidade, nese propoñer a relación da muller coa contorna, cos outros, con elas mesmas, tamén coas que foron antes ca elas. O poema 'poboadoras de substratos' sinala de xeito vibrante ese medrar, ese respirar, o configurarse dende as que foron antes, a alianza, a revolta, «si sempre fomos raras/ algo raras». Bendita rareza!

Referente do xornalismo cultural en Galicia a presenza de Ana Romaní na poesía vén xa de lonxe. 'Arden' (1998), 'Estalactitas' (2002) ou 'Extremas' (2010), o seu traballo espállase tamén noutras traxectorias que falan dese senso exploratorio, dunha muller inqueda que tinxe do feminino un labor de mergullo e acción que agora nos acolle nesta simbólica desvértebra que asume a súa fragilidade, «o seu desprenderse», unha forma de esvaeecer no tempo e na memoria, baixo os liques da natureza, baixo a nosa condición parentoria.



## FERROVIAS

John Berger e Anne Michaels

Editorial Chan de Pólvora  
Prezo 18,00€



'Ferroviás' é unha colaboración entre dous escritores de mérito notable. Unha profunda meditación sobre os ferrocarrís, o

amor e a perda, ao mesmo tempo íntima e comprometida, que se move do industrial ao metafísico, dos cambios tectónicos da globalización aos latexos interiores da memoria, e do presente a un pasado que aínda existe en rastros vividos, esenciais. Este diálogo sensual e exploratorio acompaña da evocadora fotografía de Tererza Stehliková, que traza o seu atmosférico paso en tren polas boscosas paisaxes invernales do sur de Bohemia. Convocando historias poderosas e ocultas, e viaxes profundamente persoais, 'Ferroviás' procura, cunha urxencia rigorosa e reflexiva, dar testemuño da dor das separacións e o con-

so dos encontros. John Berger é un dos intelectuais máis influentes do noso tempo. Autor dunha obra ampla, rica e versátil como poeta, narrador, ensaísta, pintor e crítico de arte, as súas publicacións máis recentes inclúen 'Hold Everything Dear', 'From A to X' e 'Bento's Sketchbook'. Nacido en Inglaterra, viviu durante máis de medio século en Francia, onde faleceu en 2017. Anne Michaels recibiu múltiples galardóns e recoñecemento internacional polas súas novelas 'Fugitive Pieces' e 'The Winter Vault'. É tamén autora de libros de poemas como 'The Weight of Oranges'. POR R. L.

## NÓS OUTRAS

Marica Campo e Menchu Lamas

Editorial Chan de Pólvora  
Prezo 16,00€



'nós outras' é un libro de poemas de Marica Campo con debuxos de Menchu Lamas cunha vocación inclusiva e revolucionaria

forza expresiva, é un libro de cores e de valores. Un encontro onde as mans están abertas para ofrecer territorios comunais, ámbitos de intercambio, paisaxes que retratan a beleza e a complexidade de cada persoa. Estas páxinas tratan de afianzar nos nenos e nas nenas a idea de que non hai desculpas para a marxinación ou o acoso. A raza, a condición económica ou social, as características físicas ou mentais, os xeitos de amar ou a procedencia xeográfica son a forza que nos une, un patrimonio compartido. Ao cabo, 'nós outras' propón unha viaxe extraordinaria e fermosísima pola diversidade do mundo e a

igualdade do ser humano. Marica Campo naceu en Val do Mao en 1948. Dende sempre compaxina a docencia coa literatura. A pesar de ser moi coñecida como poeta, nos últimos anos está a destacar tamén polas súas incursións na narrativa e no teatro. Entre outros méritos, foi letrista do mítico grupo galego Fuxan os Ventos. A artista Menchu Lamas deuse a coñecer nos espectáculos colectivos da praza da Princesa, en Vigo, en 1976. Inmediatamente integrouse en Atlántica, que foi o comezo da súa proxección. Asistiu a mostras colectivas en diferentes cidades de España e de toda Europa. POR R. L.